

A/a Responsables de Xuventude:

Os centros Quérote+, como seguramente xa saben, teñen entre os seus servizos o asesoramento on-line a través da web de Xuventude.net. Os mozos e as mozas, e as persoas vinculadas coa mocidade (familias, educadores/as, monitores/as, profesorado, etc.), poden formular as consultas que desexen a través desta vía e ter unha resposta en menos de 48 horas. O servizo garante a confidencialidade, o anonimato e por suposto é de balde.

A atención deste servizo está garantida por un equipo profesional formado en aspectos vinculados coa mocidade e as temáticas que se abordan (sexualidade e afectividade, imaxe corporal, convivencia, uso das Tic's e consumo de substancias). Isto implica que as persoas que empreguen ese servizo terán á súa disposición un equipo que informará e asesorará de forma profesional as consultas que reciba.

Convidámoslles a que colaborenden para que este servizo público, de información e asesoramento, sexa máis accesible á mocidade. Só teñen que engadir ó link á web na páxina web do concello e/ou noutros espazos virtuais que teñan creados (blog, redes sociais, etc).

Remitimos o logo de Quérote+ e o enlace onde aparece o formulario de consulta, para que as persoas encargadas de xestionar a web poidan levar a cabo esta tarefa.

Link: <http://xuventude.xunta.es/querote-mais.html>

Se vos resulta de interese e desexan unha información máis ampla desta actividade que desenvolvemos, poden poñerse en contacto directamente connosco pasando polo centro máis próximo ou chamando aos nosos teléfonos de atención.

**Centro Quérote+ de A Coruña**

Praza de Ourense, 7-8, 1º Esq  
A Coruña  
Tfno: 981 223 913

**Centro Quérote+ Lugo**

Complexo Xuvenil LUG II  
R/Pintor Corredoira, 4 Lugo  
Tfno: 982 24 17 32

**Centro Quérote+ Vigo**

R/ Ferrería, 41 Vigo  
Tfno: 986 22 07 17

**Centro Quérote+ Ferrol**

R/ Santa Comba, 61 Ferrol  
Tfno: 981 317 027

**Centro Quérote+ Ourense**

Casa da Xuventude  
R/Celso Emilio Ferreiro,27  
Ourense Tfno: 988 23 14 70

**Centro Quérote+ Santiago**

Praza do Matadoiro, s/n  
Santiago de Compostela  
Tfno: 881 997 613

Saúdos do equipo de traballo dos centros Quérote+.

Noa Tilve

Coordinadora-Psicóloga dos centros Quérote+

Tfno: 881 997 612